

UTÓPICAS

ARTE E TERRITORIO

CONVOCATORIA DE IDEAS

Do **23 de marzo ao 13 de abril** calquera persoa ou colectivo pode presentar as súas ideas atendendo ás seguintes BASES:

- 1** Seleccionaranse un **máximo de cinco ideas** que, para a súa concreción, contarán con recursos propios e acompañamento profesional por parte do Auditorio de Galicia, 7H Cooperativa Cultural e outras profesionais do sector cultural.
- 2** O seu **diseño e prototipado** desenvolverase a través dun obradoiro de cinco sesións, de 3h de duración cada unha, que se celebrarán no Auditorio de Galicia entre os meses de maio a setembro.
- 3** As propostas deben ser pensadas para desenvolverse dentro do termo municipal de Santiago de Compostela e axustarase a algún dos seguintes **cinco bloques temáticos**:



FEMINISMOS

A cidade desde unha perspectiva de xénero.



IDENTIDADES

Voces e silencios no relato colectivo.



MEMORIA COLECTIVA

Patrimonio inmaterial e espazo público.



LOITA SOCIAL

A cidade como campo de batalla.



RURALIDADES

Novas lecturas do territorio non urbano.

-
- 4** As candidaturas poden realizarse de forma **individual** ou **colectiva**.
Se a proposta parte dun colectivo, asignarase unha persoa promotora e o resto de integrantes poderán formar parte do equipo de colaboradoras até un máximo de 3 persoas por proxecto.
-
- 5** Os proxectos promovidos deben estar abertos á participación colectiva e permitir que a súa documentación e difusión se realice a través de **licenzas libres**.
-
- 6** Durante os meses de outubro e novembro as vivencias, procesos e creacións xurdidas das ideas desenvoltas trasladáranse a unha **proposta expositiva** na Sala Isaac Díaz Pardo, convertida nun lugar de encontro e intercambio.
-
- 7** Ser promotora implica o **compromiso** de participar en todo o proceso.
-
- 8** Pódense candidatar diversas ideas, pero é imprescindible que cada unha delas conteña como mínimo:
- Breve descrición.
 - Relación cos eixos temáticos.
 - Obxectivos.
 - Estimación de recursos ou materiais necesarios para a súa concreción.
-
- 9** O prazo de recepción de candidaturas estará aberto **do 23 de marzo ata ás 14h do 13 de abril**.
As propostas deben enviarse a: **utopicas@7hcoop.gal**

